

## SECRETARIA XERAL DE INSTITUCIONS PENITENCIARIAS

Subcomisión Paritaria IIPP

11.06.21

---

A reunión é presidida polo Subdirector Xeral de Recursos Humanos. Resumen dos puntos tratados.

En primeiro lugar e previo a reunión da subcomisión houbo unha reunión cun representante da Subdirección Xeral de Medio Aberto e Medidas Alternativas , para informarnos da implantación da nova ferramenta informática para Traballo Social ( HELENA). Aclarando as seguintes cuestións:

- Implantarase o luns , a modo de proba, en 6 centros, e iranse incorporando centros según se vaian dotando da infraestrutura necesaria, cuestión que xa se avisara os directores para que fosen dotando de rede e de equipos informáticos tanto os profesionais coma as oficinas de atención os internos.
- Plantexan coma primeiro obxectivo que a finais de ano se funcione ca aplicación en todos os departamentos de ingresos e posteriormente nas oficinas dos modulos.
- Informaron da formación telemática que puxeron a disposición dos traballadores e traballadoras sociais dende o INAP, para aprender o manexo da ferramenta. Esta formación realizarase por auto-xestión de cada profesional en horario de traballo
- A implatación da aplicación, que será progresiva, ten coma obxectivo a desaparición do protocolo social físico(en papel), e conleva que todo o persoal dispoña de certificado dixital, donde se reflexara o número de rexistro persoal e non datos persoais. Esta tramitación tense que xestionar nos centros.

### **ASUNTOS REFERIDOS Á ETPFE**

Informannos dende a entidade que moi probablemente se leve a cabo o abono dos atrasos na próxima nomina, do mesmo xeito nos din que dende Función Pública non lles solicitaron información sobre prazas a incluir no próximo concurso aberto e permanente , polo que non se ofertara ninguna praza da entidade no mesmo.

### **ASUNTOS PROPOSTOS POLAS OOSS**

PROCESOS SELECTIVOS (OEP 2018,2019,2020 E ESTABILIZACIÓN) E CONCURSO DE TRASLADOS (CONCURSO ABERTO E PERMANENTE E CONCURSO EXTRAORDINARIO IIPP)

A Admon. non ten ninguna información nova que aportar con respecto aos procesos. Xa remitirón a FP todas as bases e a documentación que lles pedirón e están a espera de que lles den indicacions.

Advirten que para participar en todos os procesos será necesario dispor de certificado dixital (DNI Electronico), pois as tramitacións serán telematicas.

## ENCADRAMENTO

A Admon di que non convocou unha reunión extraordinaria para valorar as prazas a encuadrar porque aseguran non ter recibido indicacións expresas de facelo, xa que entenderon que tan so terían que facelo se houbera algún colectivo sen encuadrar e non so as prazas de persoal contratado con posterioridade a decembro do 2018, coma e o caso en IIPP. En calquer caso indicannos que remitirón a FP todas as prazas pendentes de encuadrar e que están a espera da reunión da COPA na que se aprobarán ( reunión que estabase celebrando no mesmo intre que esta subcomisión), para proceder o abono dos atrasos destes traballadores e traballadoras.

Con respecto a cómo proceder co abono dos atrasos o persoal que dende finais do 18 deixou de estar en activo ( persoal contratado, excedencias, xubilacions, decesos..) dinnos que están a espera de instrucción de FP donde xa realizarón a consulta.

## CONTRATACIÓN CUPO VERAN

Acaban de recibir autorización para realizar ditas contratacións , aínda que cun móntate económico inferior a outros anos . Vanse cubrir 12 prazas de traballo social, 9 en mantemento e cociña, 10 de técnico en coidados auxiliares de enfermería e 4 ordenanzas. Non esta determinado a que centros se lles van adxudicar as prazas.

## PETICIONS EXPRESAS CIG SOBOR PROCENDEMENTO DE MODIFICACIÓN SUSTANCIAL DE CONDICIÓN DE TRABALLO NO CASO DOS TRABALLADORES DE MANTEMENTO DO CP DE BONXE

Por parte da CIG presentáronse alegacións a anterior acta por considerar que non se seguirá o procedemento establecido no CUAGE cando a Admon, determinou o inicio do procedemento na reunión anterior da subcomisión paritaria.

Despois de explicar a situación e ademais de que no acta constara de forma expresa o inicio do procedemento, contestan que non iniciaran ningún procedemento , senon que todo o contrario , que derón instrucións o centro para solventar a situación, asumen o erro cometido e aceptan rectificar o acta , recoñecendo que a redactaran de xeito incorrecto e que non se iniciara ningún procedemento.

Tamen se lles solicita que contesten o ultimo escrito que presentou o Comité de Empresa da Provincia de Lugo, e que se lles conteste o que pregunten e non como no anterior escrito na que a contestación non se respondía a ningunha das cuestión que plantexaba o Comité senon que informaban do inicio dun procedemento que agora negan e din que nunca se iniciou. A resposta da Admon. e que contestaran por escrito ó plantexado polo Comité.

## GRUPOS DE TRABALLO

-Funcións dos Auxiliares de Enfermería . Informámosos do resultado da reunión celebrada o día 10 de xunio donde se debatirón varias cuestión aportadas pola parte social, A admón. comprometeuse a elaborar un documento para enviar as OOSS co fin de valoralo na próxima reunión do grupo de traballo

GALIZA , 10 de mayo de 2021.